



INCANSABLES – AS REDEIRAS DA GUARDA

Temendo polo seu oficio

Rita, Carmiña, Manoli, Marina e Lidia son algunhas das integrantes da Asociación de Redeiras Atalaia da Guarda. Estas mulleres dedicaron moito esforzo a profesionalizar o oficio na súa vila mariñeira, moi reconecida polo traballo de atadeiras e redeiras coma elas.

Rita naceu na Guarda en 1953. Filla de mariñeiro e redeira, medrou entre redes. Desde ben cativa enchía as agullas de fio para os aparellos da casa, e con 12 anos xa traballaba nas "chabolas", os locais que os armadores tiñan no peirao e onde elas reparaban e armaban os aparellos. Cando Rita empezou, as redes aínda eran de algodón e o traballo, se cadra, máis duro e esixente.



Carmiña e Manoli naceron na Guarda en 1961 e en 1963. Fillas, tamén, de redeira e mariñeiro, xa traballaban aos 12 anos nas chabolas. Coma as demais, medraron entre redes. A familia era grande e elas contribuían á economía da casa traballando de redeiras desde noviñas. Carmiña ausentouse unha época para dedicarse a outro oficio e á familia, pero cando se constituíu a Asociación decidiu apostar pola conservación da súa profesión. De Manoli, as súas compañeiras destacan que, desde que se creou a Asociación, foi e é a mellor secretaria que podían ter. Son conscientes de que moitas familias dependen do seu traballo para saír ao mar.

Marina é guardesa, nada en 1961. Coma as demais, é filla de redeira e mariñeiro e leva no oficio desde que tiña 14 anos. Fala con entusiasmo da súa profesión e dos seus logros, e conta xovial que, de vez en cando, ao remataren un traballo difícil ou que esixe moito tempo e dedicación, como as redes do cerco, fan un «botafora», que consiste nunha pequena celebración onde a comida e as risas están sempre presentes.

Lidia é a máis nova de todas, naceu en 1981 na Guarda, e a máis preocupada pola falta de remuda no oficio, que tamén lle vén de familia. Aínda que exerceu outros traballos, sempre sentiu curiosidade por esta profesión. Conta como anécdota que, cando unha lavandeira se coa voando na nave, sempre lles chega unha boa xeira de traballo e xa non sabe, di rindo, se é bo ou malo que volva a visitalas.

Como curiosidade contan que, antigamente, as redes da Guarda levaban gravado un código de propiedade consensuado polos mariñeiros guardeses para diferenciar os aparellos duns e doutros.

Non existen máquinas industriais que dean reparado e armado as redes da frota, así que o seu traballo está moi pouco recoñecido e valorado para o importante que é. Todas coinciden en que o mellor é traballar xuntas, animarse, apoiarse e rir. Daquela, o peor é cando teñen que traballar soas.

Ningunha entende de horarios, “se hai traballo hai que sacalo”, e dálles moita mágoa ver que o seu oficio non ten continuidade porque non hai quen se interese en aprendelo. Non saben o que sucederá cando elas falten.



#incansables #loitadoras #traballadoras #amables
#humildes #compañeiras #fortes #esenciais

